

CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACCIÓNS EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN A TRAVÉS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS:

Dunha parte, Don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.

Doutra, Don Ricardo José Cao Abad, reitor magnífico da Universidade da Coruña, que actúa en nome e representación da institución citada, no uso das competencias que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 126 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 207, do 27 do outubro).

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que ostentan, e recoñecéndose mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio,

EXPOÑEN:

1. Que para potenciar o emprego do galego, segundo establecen os artigos 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia e 6.3 da Lei de normalización lingüística, cómpre dispor de estudos científicos sobre diversos eidos da lingua galega, que contribúan a protexela, promovela e modernizala para que sexa un medio de comunicación eficiente en calquera ámbito.

2. Que no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (DOG 101, de 17 de maio),



atribúeselle á Secretaría Xeral da Lingua (en diante, SXL), entre outras, as funcións de promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e da terminoloxía, así como, promover a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística, contribuíndo así á súa difusión.

3. Que a Universidade da Coruña (en diante UDC) é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e ten como un dos seus fins o de procurar o seu enraizamento na sociedade galega que a sustenta e, en xeral, contribuír ao seu desenvolvemento social, económico e cultural.

4. Que estes fins son apoiados e compartidos pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante consellería). Así, co fin de xestionar o desenvolvemento de proxectos e programas de investigación e conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que permitan un estudo profundo da nosa historia e que garantan a utilidade da lingua galega na sociedade actual, con data 11 de febreiro de 1993, foi creado o Centro de Investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro, posteriormente denominado Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en diante CRPIH), polo Decreto 330/1997, do 13 de novembro, dependente organicamente da SXL.

5. Que a dixitalización do coñecemento e a busca da innovación a través da tecnoloxía e da apertura de datos están volvéndose eixos claves da axenda dixital europea e que un dos piares da súa proposta estratéxica de investigación é a transferencia á sociedade e que, neste sentido, o CRPIH xa hai máis dunha década que vén impulsando o acceso aberto aos contidos de investigación, a través de presentacións sinxelas, accesibles, gratuítas e actualizadas.

6. Que as partes son conscientes da necesidade actual de promover as Humanidades dixitais (HD), co propósito de acadar unha mellor infraestrutura para a xestión de datos, recursos dixitais e ferramentas, que permitan a súa compartición e reutilización, aumentando a súa canalización, difusión, proxección e recoñecemento. Así, consideran que o acceso e intercambio de recursos entre elas - toda vez que existen complementariedades e sinerxías en proxectos de interese recíproco- pode ser explotado para acadar unha maior dimensión, mediante a interacción e colaboración científica entre os axentes participantes, o que supón unha optimización dos recursos destinados para o mesmo fin e redundando nun beneficio de ben común a prol do interese público.

7. Que, posto que os seus intereses son concorrentes e perseguen a obtención dunha finalidade común, a UDC e o CRPIH veñen colaborando ininterrompidamente desde o ano 1995 (sinatura do primeiro convenio) no desenvolvemento conxunto de



actuacións de investigación relacionadas coas áreas de coñecemento mencionadas. Isto amosa un destacado compromiso en continuar cooperando nestas materias de estudo e a UDC -en clave de visión xeral sobre o nivel actual do estado das investigacións- é quen dispón dos coñecementos necesarios para propiciar as contornas de colaboración que favorezan unha axeitada continuidade dos proxectos de investigación en curso que se desenvolven no centro.

8. Que, co propósito de que as tarefas encomendadas ao centro acaden os resultados axeitados, a consellería desexa seguir contando coa colaboración dos investigadores de maior reputación en cada un destes ámbitos e, dadas as particularidades e características específicas dos proxectos de investigación de que se trata, tendo en conta que os departamentos de Filoloxía da UDC contan con recursos tecnolóxicos axeitados e con destacados investigadores de recoñecida capacidade científica -en relación á natureza dos proxectos incluídos no anexo deste convenio- os obxectivos perseguidos non poderían acadarse co mesmo nivel de excelencia nun escenario de concorrencia pública.

9. Que é de marcado interese xeral e das partes asinantes, no marco da colaboración establecida, incorporar novas perspectivas -na liña da *Estratexia Galicia Dixital 2030*, (particularmente no relacionado co capítulo 9.1 "Proxección dos sinais de identidade de Galicia")- que potencien a innovación dixital aplicada á dinamización e salvagarda do patrimonio e a produción cultural da Comunidade, como recurso accesible e compoñente fundamental da nosa tradición, identidade e recoñecemento colectivo, incluíndo a lingua galega como creadora de cultura e vehículo de posibilidades representativas, co fin de ampliar o alcance e a accesibilidade dos traballos e resultados da execución destes proxectos, facendo deles unhas ferramentas modernas e eficaces de referencia científica mediante a introdución e mellora no manexo de novos usos asociados ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

10. Que a UDC dispón de investigadores de valía profesional e prestixio recoñecido que se dedican sectorialmente á realización deste tipo de actividades e cos que se pode establecer un espazo común de intereses no eido da investigación, que permiten a utilización da figura do convenio de colaboración como fórmula comercial apropiada para articular as súas relacións, dado que non se manifesta nunha contraposición de intereses, senón que se trata de establecer unha colaboración institucional para levar a cabo unha actuación en resposta de obxectivos compartidos e os intereses de ambas as dúas partes teñen por causa a consecución dun fin común en beneficio da comunidade.

Así mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 6 -"Convenios e encomendas de xestión"-, da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, este caso considérase excluído e plenamente aplicable á figura do convenio de colaboración debido ás prestacións de investigación e desenvolvemento que, con respecto aos



proxectos incluídos no anexo do presente convenio, van ser levadas a cabo por parte da Universidade e que son susceptibles de se incluír no punto 1, apartados b) e c) do citado artigo.

Por todo isto, a consellería e mais a UDC establecen o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Obxecto do convenio

Mediante este convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería e a UDC, a través da SXL, para proseguir desenvolvendo o programa de accións en materia de investigación, especialmente no ámbito lingüístico, que se está levando a cabo no CRPIH e que se describe no anexo citado na estipulación segunda.

O fin último desta cooperación é desenvolver proxectos de investigación, fundamentais para a comunidade científica e para toda a sociedade, capaces de garantir a utilidade da lingua galega en todos os ámbitos da vida actual e de contribuír, asemade, ao acceso igualitario do coñecemento no ámbito das Humanidades, en xeral, e das HD, en particular.

Segunda. Obrigas da UDC

As actividades que ha desenvolver a UDC en colaboración co centro, recóllense no ANEXO I ao presente convenio onde se especifican os traballos que se realizarán en cada unha das accións que conforman o programa de investigación.

A UDC cooperará coa consellería e coa SXPL na realización das actividades do programa de actuacións en materia de investigación científica do centro e comprométese a realizar -a través dos seus investigadores- os distintos proxectos que nel se desenvolven:

- PROXECTO ETIQUETADOR-LEMATIZADOR PARA O GALEGO ACTUAL
- DICCIONARIO HISTÓRICO ETIMOLÓXICO DA LINGUA GALEGA

A **UDC** colaborará na realización das distintas accións que integran este programa de investigación cunha contribución en especie, consistente en horas de dedicación á investigación, que serán as estimadas para a consecución dunha axeitada execución das actuacións.

A estes efectos, a valoración económica da devandita contribución equivalerá ó resultado do cálculo -en horas- sobre a retribución dun docente investigador -



catedrático de universidade (T.C.)-. En consecuencia, a Universidade asumirá, pola súa conta, unha cantidade de seis mil catrocentos euros (6.400,00 €) derivada dos custos do seu persoal docente investigador, distribuída en catro anualidades (2026, 2027, 2028 e 2029), por un importe de 1.600,00 € cada unha.

Ademais, a UDC adoptará as actuacións de soporte técnico necesarias que permitan un intercambio de datos, co fin de contribuír a un mellor desenvolvemento das investigacións, en termos de alcance.

A UDC deberá cumprir coas estipulacións xurdidas do vínculo xerado coa celebración do presente convenio no xeito e termos establecidos.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Consellería ha de propiciar a participación dos profesionais especialistas do CRPIH e a súa contribución activa nos proxectos obxecto de investigacións conxuntas.

Contribuirá á difusión e divulgación dos resultados das investigacións, co fin de canalizar e proxectar os estudos resultantes, con efectos sobre o conxunto da sociedade en xeral e dos profesionais especializados, en particular, non só no ámbito autonómico, senón tamén no nacional e mesmo no internacional.

Facilitará a transferencia de coñecemento científico propio do CRPIH nas áreas temáticas obxecto das investigacións.

Velará polo cumprimento das disposicións, que han de ser executadas no xeito e termos establecidos, en favor do patrimonio público.

A consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua colaborará na realización destas accións cunha achega económica de **vinte e sete mil novecentos vinte euros (27.920,00 €)**, repartidos en catro anualidades coa seguinte distribución:

Exercicio 2026: 6.980,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.151A.640.1

Exercicio 2027: 6.980,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.151A.640.1

Exercicio 2028: 6.980,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.151A.640.1

Exercicio 2029: 6.980,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.151A.640.1

Estas cantidades só cubrirán o custo da realización das actividades, polo que non levan asociado ningún beneficio económico para UDC.

Este convenio tramítase como expediente anticipado de gasto, posto que se prevé a existencia de crédito axeitado e suficiente no proxecto de orzamentos da Comunidade autónoma de Galicia para o exercicio 2026. Non obstante, estará sometido ao



disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda de 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes de 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Así, ao abeiro da dita normativa, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para al fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, no momento da resolución de concesión.

O pagamento, en recibindo a certificación correspondente dos traballos de investigación realizados, efectuarase en oito entregas repartidas do seguinte xeito:

1ª.- 3.490,00 €, que se realizará unha vez executadas, aproximadamente, o 50 % das actividades previstas para o ano 2026 (Data límite, 31 de maio)

2ª.- 3.490,00 €, que se realizará unha vez executadas, aproximadamente, o 100 % das actividades previstas para para o ano 2026 (Data límite, 10 de decembro).

3ª.- 3.490,00 €, que se realizará unha vez executadas, aproximadamente, o 50 % das actividades previstas para o ano 2027 (Data límite, 31 de maio)

4ª.- 3.490,00 €, que se realizará unha vez executadas, aproximadamente, o 100 % das actividades previstas para para o ano 2027 (Data límite, 10 de decembro).

5ª.- 3.490,00 €, que se realizará unha vez executadas, aproximadamente, o 50 % das actividades previstas para o ano 2028 (Data límite, 31 de maio).

6ª.- 3.490,00 €, que se realizará unha vez executadas, aproximadamente, o 100 % das actividades previstas para para o ano 2028 (Data límite, 10 de decembro).

7ª.- 3.490,00 €, que se realizará unha vez executadas, aproximadamente, o 50 % das actividades previstas para o ano 2029 (Data límite, 31 de maio).

8ª.- 3.490,00 €, que se realizará unha vez executadas, aproximadamente, o 100 % das actividades previstas para para o ano 2029 (Data límite, 10 de decembro).

Cuarta. Custo total do convenio

Tendo en conta as obrigas da UDC, relacionadas na cláusula 2ª, e as da consellería, estipuladas na cláusula 3ª, o custo total do convenio ascende a unha cantidade de **trinta e catro mil trescentos vinte euros (34.320,00 €)**, distribuídos anualmente tal e como se recolle no Anexo II

Quinta. Libramento

Para recibir as achegas da Consellería que se indican anteriormente, a UDC entregará na Secretaría Xeral da Lingua, antes das datas indicadas, a seguinte documentación:



- Certificación da persoa xerente da universidade que acredite a execución das actividades do convenio ao longo do exercicio correspondente, xunto coas pertinentes notas de cargo emitidas polo servizo que lle corresponda á UDC para a súa tramitación, así como unha relación valorada das horas dedicadas a cada unha das accións do programa de investigación.
- Unha vez executadas as actividades do convenio, e antes do segundo libramento de cada ano, os investigadores responsables destas emitirán unha memoria detallada das actuacións realizadas.

No caso de que a acreditación dos custos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da consellería diminuírase na mesma proporción.

A UDC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura do presente convenio e do seu pagamento, a UDC deberá presentar un certificado de non ter contraído débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais.

Sexta. Propiedade ou titularidade dos traballos e publicidade

A propiedade, titularidade e uso dos traballos será común polas partes e só poderán usalos para os fins de cada una delas sempre de xeito gratuito.

Nas actuacións informativas e divulgativas, nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio ou cando a UDC ou calquera dos investigadores que participe nas actividades obxecto deste convenio desexe utilizar os resultados acadados para a súa publicación, deberán facer constar, nun lugar destacado, a colaboración da Consellería, a través do CRPIH, e da UDC, para o que se usarán os anagramas aprobados pola normativa de imaxe corporativa de ambas as institucións.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Sétima. Regulación da participación dos investigadores

A participación dos investigadores da UDC nas actividades recollidas no presente convenio, efectuarase conforme á regulamentación propia da UDC recollida nos seus estatutos e no Regulamento de cursos de especialización e convenios, e de acordo coa Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades.



Oitava. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co contemplado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Novena. Vixencia

Este convenio entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2026, ou no momento da súa sinatura, se é posterior ao 1 de xaneiro de 2026, e terá vixencia durante os anos 2026, 2027, 2028 e 2029, sen posibilidade de prórroga, e poderá ser denunciado por calquera das partes asinantes por incumprimento do que nel se establece, cunha antelación dun mes polo menos, e a consellería poderá, se fose o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas para a súa realización.

Décima. Comisión de seguimento

Crearase unha comisión de seguimento das accións obxecto do presente convenio- facultada para proporlles ás partes as resolucións de cantas dúbidas xurdan na súa execución- presidida polo secretario xeral de Política Lingüística e integrada por un representante da UDC, nomeado polo seu reitor, así como polo secretario do Consello científico e executivo do CRPIH, que actuará como secretario da mesma.

Décimo primeira. Causas de resolución do convenio

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das estipulacións do mesmo, previa reunión da Comisión de Seguimento.

A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes, debendo comunicalo por escrito coa antelación establecida na cláusula novena.

Décimo segunda. Normas de aplicación supletorias

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

- I. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (artigos 47 e seguintes), na medida que queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6).



Décimo terceira. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométese a cumprir o establecido no *Regulamento (UE) 679/2016 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD)* e na *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

O tratamento de datos faise de acordo co regulamento e coa coa lei orgánica citados, así como co resto da lexislación española aplicable, e este tratamento responde aos principios de licitude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

A información que as partes puidesen revelar para a consecución deste convenio e referida ás súas actividades, así como as que se revelen como consecuencia da súa execución terá a consideración de confidencial, debendo gardar segredo sobre toda a información á que poidan ter acceso, coa salvidade de que a mesma sexa de dominio público o se coñecese legal ou lexitimamente pola outra

Décimo cuarta. Responsabilidades das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo quinta. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa súa firma, as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que aparecen nel e máis o resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo sexta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están



obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a elas, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Décimo sétima. Administración electrónica

As partes asinantes respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e tamén será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto, e de acordo co artigo 4 da citada lei, aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.



En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asinan, no lugar e data mencionados.

Pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Pola Universidade da Coruña

D. José López Campos

D. Ricardo José Cao Abad

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

Reitor da UDC



ANEXO I

As actividades de investigación que ha desenvolver a UDC, ás que se fai referencia na cláusula segunda do presente convenio de colaboración, relaciónanse a continuación:

ÁREA DE LINGÜÍSTICA

LINGÜÍSTICA COMPUTACIONAL

ACCIÓN 1

1. PROXECTO ETIQUETADOR /LEMATIZADOR DO GALEGO ACTUAL

Nun contexto de crecente dixitalización e análise automatizada da lingua, o desenvolvemento dun etiquetador-lematizador resulta fundamental para o estudo e tratamento computacional do galego. Este tipo de ferramentas son cruciais no ámbito da lingüística computacional, da lexicografía, do procesamento da linguaxe natural (PLN) e, en xeral, en calquera tarefa que implique o manexo masivo de textos.

O desenvolvemento e perfeccionamento do etiquetador-lematizador para o galego actual é estratéxico para a modernización, normalización e supervivencia da lingua no contexto dixital do século do século XXI.

Grazas a este este tipo de ferramentas, o desenvolvemento tecnolóxico aplicado á lingua galega experimentou un avance significativo nas últimas décadas, situándoa no corazón da revolución da intelixencia artificial.

Previsión de tarefas a desenvolver nos anos 2026 a 2029

Avaliación e mellora dos Grandes Modelos Lingüísticos (LLM) para o galego actual

Durante a etapa 2022-2025 demos pasos sólidos na construción de recursos lingüísticos para o galego, especialmente no ámbito do recoñecemento de entidades nomeadas (NER). Con todo, a aparición e expansión dos grandes modelos lingüísticos (LLM) transformou radicalmente o panorama da tecnoloxía lingüística. O galego non pode quedar atrás neste cambio de paradigma.

Hoxe sabemos que os LLM son potentes, pero tamén imperfectos: responden de maneira incompleta, introducen erros factuais, e ás veces ignoran a realidade cultural e lingüística das linguas minoritarias. Avaliar estes modelos en galego é un reto estratéxico: só así poderemos identificar as súas limitacións e propoñer solucións que garantan unha IA máis inclusiva, xusta e



útil para a sociedade galega.

Obxectivos xerais

1. **Avaliar os LLM máis estendidos cando se lles consulta especificamente en galego**, empregando métricas obxectivas de calidade e responsabilidade.
2. **Detectar ámbitos nos que os LLM fallan en galego**, como a comprensión de textos administrativos, a produción de resumos académicos ou a resposta en contextos culturais propios.
3. **Propor melloras e adaptacións**, tanto a nivel de técnicas de avaliación como de creación de recursos, que permitan acadar resultados comparables aos obtidos noutras linguas con máis soporte tecnolóxico.

Resultados esperados

- Contribuír á **normalización do galego no ecosistema dixital global**.
- Crear recursos e metodoloxías de avaliación que sirvan como referencia para outras linguas en situación semellante.
- Reforzar o papel da UDC e das universidades galegas como **axentes innovadores en tecnoloxía lingüística** a nivel internacional.

En definitiva, este proxecto quere demostrar que é posible facer **IA de vangarda en galego**, abrindo oportunidades tanto para a investigación como para a súa aplicación en educación, administración, cultura e industria.

LINGÜÍSTICA HISTÓRICA E ETIMOLOXÍA

ACCIÓN 2

2. DICCIONARIO HISTÓRICO ETIMOLÓXICO DA LINGUA GALEGA (DHELG)

O *Diccionario histórico e etimolóxico da lingua galega (DHELG)* é un diccionario dixital de carácter panocrónico que pretende dar conta da orixe e da evolución integral do léxico galego ao longo da súa historia. Trátase dunha obra transcendental non só desde o punto de vista científico e cultural, para coñecer o percorrido do léxico e, a través del, moitos aspectos da historia do noso pobo, senón tamén desde o punto



de vista social, polo prestixio que confire á lingua entre os seus falantes e de cara ao exterior.

Para a fase I de redacción do DHELG, no período comprendido entre 2026 e 2029, realizaranse as seguintes actividades:

1. Elaboración dos artigos relativos ao campo semántico das doenzas, así coma dos relacionados coas familias léxicas dos substantivos que as denominan, nun número non inferior a 60. Estes artigos, que se redactarán na plataforma informática deseñada *ad hoc*, irán publicándose en liña paulatinamente. Cada artigo constará, fundamentalmente, da seguinte información: lema; sublema(s); primeira documentación e última, de ser o caso (cos datos relativos a texto e autor); exemplos destacados; étimo con indicación dos seus significados; caracterización gramatical e segmentación morfolóxica; variantes grafofonéticas; delimitación de significados con información da primeira (e de ser o caso, da última) documentación e definicións correspondentes; marcacións de uso e transición semántica das voces; unidades pluriverbais; gráficos diversos; información sintáctica; familia léxica; e todos aqueles datos incluíbles nos apéndices finais, que non sexa posible mencionar na redacción previa. Cada artigo conterá así mesmo unha síntese inicial coa información máis relevante e rematará coa bibliografía utilizada, os créditos e as datas de revisión, publicación e actualización, de ser o caso.

O campo das doenzas reviste un especial interese pola súa dimensión sociocultural, de xeito que resulta de utilidade para un amplo colectivo de profesionais pero tamén para a sociedade no seu conxunto, e, desde perspectiva lingüística, polo feito de reunir voces patrimoniais ao lado de voces cultas e neoloxismos de máis recente formación, o que permite estudos diversos que van desde a produtividade de certos lexemas, prefixos e sufixos ata as vías de penetración dalgunhas voces.

2. Detección e subsanación de eventuais fallos na plataforma e no deseño da planta da obra.



ANEXO II

O custo total do convenio, coas achegas correspondentes de ambas as partes asinantes, distribuirase anualmente do seguinte xeito:

Accións	Custo total anual	Horas estimadas anuais	Achega Consellería anual	Contribución UDC anual
1. Etiquetador-lematizador para o galego actual	5.480,00 €	200	4.480,00 €	1.000,00 €
2. Dicionario histórico-etimolóxico da Lingua galega	3.100,00 €	140	2.500,00 €	600,00 €
TOTAL ANUAL	8.580,00 €	340	6.980,00 €	1.600,00 €
TOTAL CONVENIO (CUADRIANUAL)	34.320,00 €	1.360	27.920,00 €	6.400,00 €

